

PROGRAMA DAS XORNADAS

1 e 2 de marzo: 1ª FASE DOS INTERCAMBIOS ESCOLARES "MARTÍN SARMIENTO"

Xornada Escolar "Martín Sarmiento" dos nen@s do Bierzo en Pontevedra.

9 de marzo, día do nacemento do ilustrado: CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE SINATURAS PRO CUMPRIMENTO DO ACORDO PARA A RECONSTRUCCIÓN DA CASA DE SARMIENTO

Sábado 24 de marzo: TEATRO VILAFRANQUINO

19,00 h Presentación:

PROXECTO DA COMISIÓN SARMIENTO PARA A CASA NATAL por HÉCTOR M. SILVEIRO,
coordinador da Comisión Martín Sarmiento

MESA REDONDA sobre:

INFRAESTRUTURAS MUSEÍSTICAS : A CASA NATAL DE SARMIENTO, REFERENTE DO CAMIÑO A SANTIAGO

Inservirán:

- Dna. CONCEPCIÓN LÓPEZ BLANCO,
Concejalía de Cultura de Vilafranca.
- D. VICENTE CELA QUIROGA
Alcalde de Vilafranca.
- D. AGUSTÍN GARCÍA MILLÁN,
Deputado Provincial e membro da oposición.
- D. RICARDO RODRÍGUEZ SAAVEDRA
Presidente Consello Comarcal do Bierzo.
- D. FRANCISCO SINGUL LORENZO
S. A. Do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia
- D. ANTONIO AMADO LORENZO
Arquitecto autor do Proxecto da Casa do Padre Sarmiento.

27 e 28 de marzo: 2ª FASE DOS INTERCAMBIOS ESCOLARES "MARTÍN SARMIENTO"

Xornada Escolar dos nen@s de Pontevedra no Bierzo.

- Recepción nos centros CEIP. San Lorenzo de Brindis e IES Padre Sarmiento.
- Visita a vila natal de Sarmiento.
- Visita ás Medulas e Mosteiro de Carracedo.
- Recepción oficial no Concello de Vilafranca.

XORNADA DE CLAUSURA

Sábado 28 de abril : TEATRO VILAFRANQUINO

18,00: Ponencia:

PASADO, PRESENTE E FUTURO DO MUSEO DE CIENCIAS DOS PADRES PAÚLES
por P. Manuel Peleteiro

18,30: MESA REDONDA sobre:

UN CONVENIO PARA O FUTURO: MUSEO DE CIENCIAS NATURAIS DOS P. PAÚS.
(participarán diversos expertos da museística, taxidermia e ciencias naturais)

19,30: Presentación nos **Circuitos Culturais "Martín Sarmiento"** coa intervención do director documental



FRONTEIRAS,
de Rubén Pardiñas e
Carlos Aguilera
*Premio Xpresate no III
Festival PLAYDOC de Tui
(2007)*

Con esta proxección daranse por clausuradas as Xornadas Martín Sarmiento 2007.

Organiza:

**COMISIÓN CULTURAL
MARTÍN SARMIENTO**

Patrocinan e colaboran:



Concejalía de Cultura M.I. Ayuntamiento
Villafranca del Bierzo



Concellería de Cultura
Concello de
Pontevedra



CONSEJO COMARCAL DEL BIERZO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

VILAFRANCA DO BIERZO

marzo abril 2007

III XORNADAS MARTÍN SARMIENTO

**PATRIMONIO,
MUSEOS e
SABER.**

Comisión Cultural MARTÍN SARMIENTO



Concejalía de Cultura
Ayto. VILAFRANCA DEL BIERZO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural

A **COMISIÓN CULTURAL MARTÍN SARMIENTO** naceu no inverno do 2001 con dous obxectivos que se celebrasen no ano 2002 o Día das Letras Galegas en Vilafranca do Bierzo e que se chegase a un acordo para a reconstrucción da Casa Natal. Os dous obxectivos foron conseguidos sumándonos así aos actos realizados en toda Galicia en homenaxe ao Pai das LETRAS GALEGAS e asinando a Xunta de Galicia, a “Junta de Castilla y León” e o Concello de Vilafranca un convenio para a reconstrucción da súa Casa Natal de Sarmiento.

A Comisión Cultural, como unha coordinadora de asociacións, entes culturais e educativos de Vilafranca, mesmo da Concellería de Cultura, vén traballando dende entón para poñer en valor os nosos bens patrimoniais a través dun proxecto de divulgación tomando como referencia a obra do ilustrado Martín Sarmiento un dos mellores baluartes na defensa do noso patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico.

As **XORNADAS “MARTÍN SARMIENTO”** Son a fórmula anual de seguimento dos proxectos deseñados de cara a consolidar infraestruturas válidas para o estudo e recuperación dos nosos recursos patrimoniais. As Xornadas Martín Sarmiento queren ser unha referencia necesaria na dinámica cultural do Bierzo, onde o ilustrado ten un papel que xogar indiscutible pola amplitude, vixencia e a modernidade dos seus traballos.

PATRIMONIO, MUSEOS E SABER

Cando pasaron case os 5 anos da sinatura do acordo para a reconstrucción da Casa Natal de Sarmiento pretendemos centrar o noso interese no cumprimento dito acordo. O día 9 de marzo comezamos unha campaña de recollida de sinaturas, tentamos tamén que as distintas autoridades implicadas no proxecto expliquen o

pasado o presente e o futuro do acordo e da Casa, e finalmente a propia Comisión presenta as súas ideas e o seu compromiso na dinamización futura da Casa Natal de Sarmiento, que son parte esencial do seu proxecto dende a súa creación.

Hai outra infraestrutura museística de gran interese para Vilafranca pola que tamén apostamos que é o Museo de Ciencias Naturais dos P. Paúis para a que se vai asinar un acordo co goberno municipal coa intención de reubicalo e ampliar o seu contido, para o que a Comisión propón a creación da denominada Aula Ecocultural “Martín Sarmiento”, un espazo de interpretación da natureza, antroploxía e etnografía como un todo.



Por último, seguimos traballando no **PROGRAMA DIDÁCTICO “SARMIENTO NA ESCOLA”,** a través dos **INTERCAMBIOS ESCOLARES “MARTÍN SARMIENTO”**(Bierzo-Pontevedra).

1-2 de marzo: Intercambio escolar en Pontevedra: Desprazamento a Pontevedra dos alumn@s bercianos de 6º de Primaria do CEIP S.:

LORENZO DE BRINDIS (Vilafranca)e CRA Ximena Muñiz (Corullón) e de 1º ESO de Lingua galega dos centros IES.BERGIDUM FLAVIUM (Cacabelos) e IES. PADRE SARMIENTO (Vilafranca do Bierzo).

27-28 de marzo: Intercambio escolar en Vilafranca e no Bierzo: Recepción en Vilafranca dos alumn@s de Primaria e de Secundaria dos centros CEIP. XUNQUEIRA II e IES. GONZALO TORRENTE BALLESTER de Pontevedra.

Xa é o terceiro curso con esta experiencia de intercambio escolar, cultural e lingüístico para unha aula de Primaria e outra de Secundaria entre centros Bercianos e Pontevedreses. O fío conductor son a figura e obra de Sarmiento e os valores patrimoniais. Para esta actividade a Comisión Cultural edita as propostas didácticas denominadas “O MEGO NA ESCOLA” .

Debemos indicar que ademais dos centros citados colaboran outras entidades para que estes intercambios se leven a cabo como o propio Concello de Vilafranca do Bierzo e a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, a Delegación Provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia .

CIRCUÍTOS CULTURAIS “MARTÍN SARMIENTO”

O interese por promover unha relación cultural, enriquecedora e fluída entre O BIERZO e GALICIA, a Comisión Sarmiento coordina de novo este ano os CIRCUÍTOS CULTURAIS MARTÍN SARMIENTO buscando a súa continuidade coa colaboración do Consello Comarcal do Bierzo e a Dirección Xeral de Creación e difusión cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.